

"Liberdade" para Monte Alto



- ¿Sabía vostede que á rúa "LIBERTADE"
cambearonlle o nome por "DISCIPLINA"?
- ¡¡ Carafío !!!
¿ E non será eso unha premonición?



DIÁLOGO EN 1937

Queren roubarnos a rúa "LIBERTADE"

A rúa "Liberdade" está ligada desde hai máis de cen anos á historia do barrio de Monte Alto. Pouco despois de producirse o levantamento militar fascista contra o goberno constitucional e lexítimo da República, a corporación municipal, que presidía o capitán Fuciños como alcalde, tomaba o 18 de setembro de 1936 o acordo de cambiar o nome de numerosas rúas, entre elas a rúa "Liberdade", que é substituída por "Disciplina".

Fixeron este cambio porque o nome que tiña "pugna abiertamente con el actual movimiento glorioso salvador de España", según figura na acta da sesión. O réxime franquista deixaba claro desde o primeiro momento que non quería nada de liberdade e que na ditadura só había sitio para a man dura e a represión.

A Lei da Memoria Histórica abre a posibilidade de eliminar a simboloxía franquista, como a rúa "Disciplina", e recuperar o nome tradicional de "Liberdade", pero o Goberno municipal toma a lamentable decisión de levar a rúa Liberdade ao barrio de Vioño, nun lugar onde aínda non vive ninguén.

Asociación de Veciños de
Atochas-Monte Alto-Torre de Hércules
barriomontealto.blogaliza.org

Comisión pola Recuperación
da Memoria Histórica da Coruña
www.memoriadacoruna.com
info@memoriadacoruna.com